



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A ASOCIACIÓN DE EDUCACIÓN AMBIENTAL E DO CONSUMIDOR (ADEAC) PARA O DESENVOLVEMENTO DA CAMPAÑA BANDEIRA AZUL 2024 EN GALICIA

(1) Esta vicepresidencia segunda e consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración Autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias e funcións en materia de información, educación e formación ambiental así como no fomento de programas e accións de concienciación dos cidadáns para garantir o respecto e a mellora do ambiente, de conformidade co establecido no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos conseguir un desenvolvemento sostible do turismo e unha xestión ambiental no conxunto do litoral, o que conleva a unha conservación das áreas naturais litorais.

(2) Antecedentes: A campaña Bandeira Azul para praias desenvólvese por unha organización non gobernamental, sen ánimo de lucro, a "*Fundación para a Educación Ambiental (FEE)*". Esta campaña comeza en Francia no ano 1985, e esténdese en Europa dende 1987. Posteriormente difundíuse máis aló do continente europeo cando, a partir do ano 2001, se une Sudáfrica. Actualmente, uns 50 países en catro continentes participan en Bandeira Azul. A campaña esfórzase en promover o desenvolvemento sostible das zonas litorais, a través da esixencia duns estándares elevados en calidade das augas de baño, a seguridade, a xestión ambiental e a educación para a sostibilidade.

A Fundación para a Educación Ambiental (FEE) está constituída por unhas 80 ONG (*Organizacións Non Governamentais ou agrupacións destas*), unha por cada estado participante. ADEAC (*Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor*), formalizada legalmente en 1984, é o membro fundador e responsable para España da FEE.

A campaña Bandeira Azul é convocada anualmente por esta organización, participando a Comunidade Autónoma de Galicia dende o ano 1987 ininterrompidamente.

(3) Finalidade: para os efectos sinalados, tense previsto formalizar con ADEAC o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que comprende a campaña para o ano 2024 e, en todo caso, ata o 30 de novembro de 2024.

(4) O convenio ten por obxecto o desenvolvemento da Campaña Bandeira Azul 2024 en Galicia.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Segundo declaración expresa do Presidente da FEE, de xaneiro de 2023, ADEAC é o seu único membro representante en España. Por iso ADEAC é a única entidade legalmente autorizada para desenvolver Programas Internacionais da FEE en España (*Bandeira Azul, Ecoescolas, Mozos Reporteiros para o Medio Ambiente, Bosques na Escola e a Chave Verde*).





Estes programas desenvólvense a nivel internacional co apoio e/ou en cooperación con dúas axencias das Nacións Unidas: PNUMA_UNEP (*Programa de Nacións Unidas para o Medio Ambiente*) e a UNWTO (*Organización Mundial do Turismo*), así como un amplo apoio dos gobernos, rexións e concellos implicados.

A súa satisfacción polo desenvolvemento da Campaña Bandeira Azul 2023 en España e especialmente en Galicia, que supuxo que 113 praias, 14 centros e 12 portos deportivos foran galardoados, apuntando un aumento significativo dende 1987 pese ao endurecemento dos criterios de concesión.

A reafirmación da idoneidade da Campaña Bandeira Azul, non só na difusión exterior dos esforzos realizados polas comunidades autónomas e municipios litorais, así como pola Administración do Estado español na mellora das nosas praias e os seus ámbitos, senón da potenciación dun concepto de turismo ligado a un desenvolvemento sostido e conservación responsable da natureza.

ADEAC desenvolve a Campaña, dende o seu inicio en 1987, de forma desinteresada en Galicia, sen contraprestación algunha por parte dos municipios participantes e/o galardoados na comunidade autónoma Galega. O aumento do número de municipios participantes e/o galardoados na comunidade autónoma Galega, o aumento do número de municipios implicados, a análise e seguimento do crecente número de solicitudes, así como o crecente volume dos materiais distribuídos e das accións complementarias desenvolvidas, esixen unha dedicación cada vez maior de medios humanos, instrumentais e económicos, que supera as previsións iniciais e esixe unha reflexión e corresponsabilidade sobre a súa evolución futura, máxime tendo en conta que se trata dunha organización sen ánimo de lucro.

Entre as competencias de ADEAC están a realización de actividades dirixidas á información, educación e concienciación medioambiental da poboación, e en particular, o desenvolvemento de campañas como Bandeira Azul de Europa en España, esforzándose a campaña Bandeira Azul en promover o desenvolvemento sostible das zonas litorais, a través da esixencia duns estándares elevados na calidade das augas de baño; a seguridade, servizos e instalacións; a xestión ambiental e a información e educación para a sostibilidade.

Por todo iso, o obxectivo final do galardón Bandeira Azul, a medio prazo, é conseguir un desenvolvemento sostible do turismo e unha xestión ambiental no conxunto do litoral, o que conleva a unha conservación das áreas naturais litorais.

Por todo o anterior, entendendo por convenio o acordo de vontades adoptado por escrito entre as partes asinantes que o subscriben nun plano de igualdade, para a consecución de fins de interese común en competencias que lle son propias, e tendo en conta os principios de información mutua, a cooperación e a colaboración que inspiran as relacións das administracións públicas, en consideración á razón de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto no artigo 19.4 c) e 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia e no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.





Para articular esta acción a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achega á finalidade deste convenio a cantidade de cincuenta e sete mil cincocentos euros **(57.500,00€)**, que se financiará con cargo á partida orzamentaria 06.03.541B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024 (fondos propios), código de proxecto 2016 00362.

Este convenio tramítase conforme ao establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, dado que as necesidades poden ser razoablemente previstas con anticipación (artigo 1 desta orde).

(6) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

(Documento asinado dixitalmente)

A directora xeral de Patrimonio Natural

Belén M^a do Campo Piñeiro

